

PROTOCOLO REXIME INTERNA DO COMEDOR



1. INTRODUCCIÓN

O comedor escolar é parte importante do ambiente educativo do centro, formando parte importante da vida do centro por ser unha ferramenta de conciliación imprescindible para as familias però tamén polo seu peso pedagóxico. O comedor escolar é un espazo de socialización entre iguais, coeducación, educación nutricional e hábitos saudábeis. Debe funcionar de ferramenta mediante a cal as crianzas poidan aprender a ter unha correcta relación coa comida e autonomía nun ambiente seguro e agradable.

É por este motivo polo que é primordial a colaboración entre os diferentes axentes que participan neste servizo: familias, alumnado, Jardanay e personal docente e non docente do centro educativo.

Para darlle forma a dita colaboración realízase este protocolo específico de funcionamento do comedor do CEIP Ramón de la Sagra.

2. OBXECTIVOS

1. O principal obxectivo deste protocolo é garantir o benestar do alumnado usuario do comedor.
2. Establecer pautas claras para facilitar a labor do equipo de traballadoras de Jardanay e a información das familias usuarias do servizo, recollendo as liñas de actuacións comúns do centro educativo.
3. Favorecer a integración do alumnado
4. Fomentar hábitos saudábeis
5. Favorecer a correcta convivencia no centro escolar
6. Implantar o proxecto educativo «Aprendemos» para os espazos de ocio do servizo de comedor sexan educativos e diversos.

3. PAUTAS DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DE TRABALLADORXS

- As traballadoras e a coordinadora recibirán un manual de boas prácticas de Jardanay antes de comezar o vindeiro curso escolar, ademáis do presente documento.
- En ditos manuais explícanse as funcións dos seus postos de traballo e os criterios de bo trato que defendemos.
- Propiciarase sempre un bo ambiente de traballo e un clima positivo, con relacións baseadas no respecto mutuo e a cooperación.
- O persoal acudirá coa máxima puntualidade posibel, en caso de non ser así por algunha circunstancia especial deberá avisar a súa coordinadora ou a súa supervisora o antes posíbel para evitar que afecte ao servizo.
- Non se poderá utilizar o teléfono móbil persoal durante o horario laboral excepto para comunicacións especificamente do traballo ou, avisando con antelación, por algún tipo de urxencia persoal.
- O monitorado son persoas adultas educadoras do alumnado e como tal deben comportarse, exercendo a súa autoridade con respecto, responsabilidade e agarimo.
- Non se permitirá o exercicio de ningunha clase de violencia cara o alumnado por parte de ningunha persoa traballadora de Jardanay.
- Débense respectar tanto os límites coma o espazo persoal do alumnado por parte das persoas monitoras e en ningún caso importunar a ningún alumno/a.
- O monitorado realizará o acompañamento do alumnado dende o momento no que éstos rematan o horario lectivo e ate que remata o servizo, sendo garantes da súa seguridade e integridade.
- Deberán recibir ao alumnado cunha actitude positiva e cálida.
- Deberán organizar ao alumnado de xeito organizado para evitar as aglomeracións.
- Deberán estar atentas as necesidades do alumnado dando resposta aos problemas e inquietudes que poidan suceder.

- Deberán fomentar os bos modais na mesa e hábitos alimentarios saudábeis como comer amodo, mastigar ben os alimentos ou manter unha boa hixene postural.
- Deberán promover un ambiente tranquilo de respecto entre o alumnado
- Deberán responder de xeito calmado e agarimoso ante calqueira conflito, fomentando así a resolución pacífica dos mesmos.
- Serviranse racións de comida axeitadas para cada franxa de idade e fomentarase que o alumnado probe a comida que se lles serve però en ningún caso se obrigará a ningún alumno a comer.
- A coordinadora realizará tutorías dentro do seu horario laboral para falar coas familias.
- A coordinadora realizará un rexistro de todas as incidencias ocasionadas no servizo de comedor e facilitará dita información á comunidade educativa do centro.
- As consecuencias das faltas continuadas de comportamento por parte do alumnado deben ser tomadas en consenso por todos os axentes da comunidade educativa.
- O monitorado do centro escolar apoiarase no proxecto educativo «Aprendemos» para facer máis divertidos e atractivos os momentos de ocio do servizo.
- A empresa porá a disposición do monitorado diferentes cursos formativos de seguridade alimentaria, alerxias e intolerancias, primeiros auxilios, educación en positivo, formación sobre NEE, etc. orientadas cara un mellor desenvolvemento do traballo.
- O monitorado ensinará ao alumnado técnicas de resolución de conflitos e comunicación non violenta co seu modelaxe e a súa práctica.

4. PROTOCOLO DE INTEGRACIÓN DO ALUMNADO DE 4º DE INFANTIL.

O obxectivo principal é que o paso a esta nova etapa educativa sexa tranquilo e adaptado ás necesidades do alumnado.

Procurarase dentro do posíbel que o alumnado poida comezar en comedor no mes de outubro para que así a adaptación ao horario completo se realice do xeito máis paulatino.

Traballarase durante todo o curso, con especial atención no primeiro trimestre, en que o alumnado de 4ºEi poida adaptarse ás novas rutinas propias desta nova etapa cun acompañamento especialmente amable por parte do monitorado, que se preocupará en poidan acadar a maior autonomía posíbel durante o tempo de xantar, co uso dos cubertos de maneira axeitada, o uso das servilletas, a hixene de mans e hixene bucodental posterior, as normas de convivencia.

Ofreceremos o servizo de cambiadores para todo o alumnado que todavía non teña adquirido completamente o control de esfínteres, a coordinadora do centro e outra persoa externa ao centro (durante a xornada lectiva nos tempos de descanso laboral da coordinadora do centro) realizarán eses cambios de roupa, priorizando que sexan sempre as mesmas persoas, xa que entendemos éste coma un momento de extrema vulnerabilidade.

Entendemos este cambio de etapa educativa como un paso moi grande para o alumnado, que todavía está aprendendo a estar e entender o mundo. Por este motivo, as persoas monitoras deste ciclo deberán explicar as normas de convivencia todas as veces que sexan necesarias dun xeito tranquilo e calmado.

Tamén comprendemos que é un cambio grande para as familias e por ese motivo durante todo o curso haberá horarios dispoñibles de titorías de comedor para que tanto familias como o equipo do centro poidan facer un seguemento exhaustivo de cada caso concreto.

5. ALUMNADO EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE

Prestarase especial atención a aquel alumnado en situación especial de vulnerabilidade, mantendo de xeito fluído comunicación cos axentes educativos para o correcto seguemento de cada caso.

Ao alumnado non beneficiario de bolsa comedor que sufra complicacións para pagar o servizo de comedor en algún momento a débeda será cuberta coa axuda do centro e da ANPA. En ningún caso se lle negará ao alumno a asistencia ao servizo.

6. REXISTRO DE INCIDENCIAS.

O comedor do centro contará cun libro de rexistro de incidencias coa fin de que o equipo de comedor poida escribir de xeito detallado os feitos acontecidos no horario de comedor.

Ademáis de deixar rexistro por escrito comunicaraselles as familias e ao centro escolar o acontecido.

As incidencias que atenten sobre a integridade física ou moral de xeito grave sobre outros/as alumnos/as ou monitorado, serán comunicadas ao centro para a posibel posterior toma de medidas correctivas:

Como recolle a NOF do centro:

«As correccións que se teñan que aplicar polo incumprimento das normas de convivencia terán sempre un carácter educativo e recuperador, debendo garantir o respecto aos dereitos do resto dos alumnos e alumnas e procurando a mellora na relación de tódolos membros da comunidade educativa. Non poderán poñerse correccións contrarias a integridade física e a dignidade persoal dos alumnos. Os órganos facultados para instruír o expediente e impoñer as sancións terán sempre en conta a idade dos alumnos. Teranse en conta as circunstancias persoais, familiares ou sociais dos alumnos antes de resolver o procedemento corrector. A tal efecto, poderanse solicitar os datos que se consideren necesarios tanto aos pais como aos titores legais dos alumnos»

A normativa da que se nutre estas directrices é a seguinte:

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/07/2011).

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolven a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27/01/2015)

O comedor do centro escolar contará cunha copia do plan de convivencia do centro o cal acatará e ao que poderá acudir para determinar o tipo de incidencia ocorrida.

7. ORGANIZACIÓN DO EQUIPO DE COMEDOR:

Haberá unha supervisora encargada de cumprir e facer cumprir a normativa de funcionamento do servizo de comedor, colaborará coa directiva do centro e da ANPA no que se precise, así como coas xestións de organización interna. Actuará tamén coma ponte entre o equipo do comedor, a ANPA e a dirección do centro coa empresa.

Haberá unha coordinadora do servizo, que atenderá as titorías, coordinará o equipo de monitorado e velará polo cumprimento da normativa de funcionamento do servizo de comedor, igualmente encargarse da comunicación diaria con profesorado e familias. Encargarase tamén de cubrir o informe diario interno de Jardanay, que serve como ferramenta de intercambio de información para cociña central.

Haberá dúas persoas encargadas do Office cuxa función será servir a comida para os nenos e nenas, controlar o correcto manexo dos alimentos para evitar posíbeis casos de contaminación cruzada, a correcta limpeza e desinfección de menaxe, office e comedor.

O ratio de monitorado será 1/15 en infantil e 1/25 en Primaria.

Escolleranse perfís acaídos e orientados a cada ciclo educativo, primando a continuidade do monitorado cada curso coa fin de que poidan formar parte da familia educativa do centro.

8. MENÚS.

O menú terá un formato rotativo de catro semanas que se modificará cada trimestre.

Os menús serán visados por nutricionistas e cumprirán as necesidades nutricionais do alumnado, con racións calculadas para cada idade.

Os menús seguirán o Real Decreto de Comedores escolares saudábeis e sostíbeis, eliminando o azucre engadido do menú escolar, priorizando os cereais integrais, a proteína vexetal como plato principal varias veces ao mes, o aumento das racións de peixe como fonte de proteína e o consumo de froitas e verduras de temporada e, dentro do posíbel, de proximidade.

Grazas ao intercambio de información recibido a través do informe diario e da supervisora poderanse detectar os casos nos que algúns platos non sexan ben recibidos polos alumnos, poder axustalos ou realizar os cambios necesarios.

9. LOXÍSTICA DIARIA DOS SERVIZOS PRESTADOS

Madrugadores será entre as 7:30 ata as 9:00 da mañá, nese horario unha persoa encargárase de ir facendo os almozos, con apoio doutra persoa en caso de ser necesario en momentos pico. Durante o servizo se procurará que os nenos e nenas que almorcen o fagan con calma, polo tanto non se servirán excepto en ocasións puntuais, ningún almorzo máis aló das 8:30.

Inténtarase respectar os diferentes ritmos do alumnado de madrugadores, contando cun espazo de xogo máis activo e outro espazo de xogo máis calmo. As 8:55 as monitoras acompañarán ao alumnado ás súas aulas e agardarán no pasillo supervisando ao alumnado ate que cheguen os profesores.

Para o servizo de comedor a comida chegará ao colexio entre as 12:30 e as 13:30, e sempre nese horario para evitar que haxa nenos e nenas no patio no momento da descarga. Ao chegar a comida realízase a toma de mostras testigo e a medición de temperaturas que se rexistrarán no manual de APPCC, mentresponse a mesa.

As 13:45 o monitorado de educación infantil vai buscar ás crianzas as aulas e acompañanas de maneira organizada ao comedor para comezar a xantar.

As 13:50 o alumnado de primaria será recepcionado na zona do recibidor do colexio polo monitor responsábel. Acudirán a primeira quenda de primaria ao comedor mentres que a segunda quenda agardará no pavillón ou no patio a poder comer.

A primeira quenda do comedor sírvese xa na mesa.

As monitoras ou a coordinadora pasarán lista na primeira quenda, tanto no comedor como no patio de xeito simultáneo.

Unha persoa do office encargárase do lavalouzas mentres outra se encarga de servir.

As 14.30- 14:45 aproximadamente comeza a comer o segundo turno de primaria. O segundo turno sírvese en liña tipo cantina.

Unha vez baleiro o comedor rematarase de limpar menaxe e desinfectar superficies.

A persoa coordinadora comezará a pasar a información requerida ao informe diario.

Ás 15:15 haberá unha primeira quenda de recollida de alumnado por parte das familias

A última saída farase entre as 15:45 e as 16:00.

O alumnado estará acompañado ou localizado por unha persoa adulta en todo momento.

Os momentos de ocio serán agradables e divertidos, promocionarase a participación nas actividades do proxecto educativo.

*BIBLIOGRAFÍA

Todos os puntos aquí descritos saen dos seguintes documentos e normativas:

-Real decreto comedores escolares saludables y sostenibles:

<https://www.boe.es/eli/es/rd/2025/04/15/315>

-Plan de convivencia CEIP Ramón de la Sagra:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonsagra/?q=system/files/PLAN%20DE%20CONVIVENCIA.pdf>

-Normas de Organización e funcionamento do CEIP Ramón de la Sagra:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonsagra/?q=system/files/NORMAS%20DE%20ORGANIZACI%C3%93N%20E%20FUNCIONAMENTO.pdf>

-Protocolos xa existentes para outros centros de Jardanay

-Protocolo xa existente para o comedor do CEIP Ramón de la Sagra.

*** Adxúntanse tamén a Guía do Empregado, Guía do Coordinador, Protocolo de cambiadores, Protocolo de acoso infantil, Manual de accidentes, Protocolo alergias.**